

Crise sanitaria COVID-19.

Dossier das accións emprendidas polo Colexio Oficial de Podólogos de Galicia





ÍNDICE

	Páx.
Comunicación e accións para os colexiados	2
Reunións da Xunta de Goberno do COPOGA e do Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos	9
Comunicados e peticións do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia á Xunta de Galicia	10
Reunións coa Consellería de Sanidade	11
Solicitud de material de protección	11
Campaña “Con Sentidiño”	11
O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia nos medios de comunicación	12



A crise sanitaria provocada polo COVID-19 é unha problemática que afectou e prosegue a afectar a todos os ámbitos da sociedade e, por iso, dende o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia (COPOGA) non quixemos descoidar a súa influencia no sector. Comezamos a traballar, formar e informarnos sobre o virus e as súas repercusións o pasado 12 de febreiro, data previa ao decreto de estado de alarma, co fin de garantir a seguridade tanto dos colexiados coma dos seus pacientes.

Nas seguintes páxinas detállanse todas as actividades e accións emprendidas dende o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia dende o comezo de dita crise sanitaria e entre as que se inclúen achegas informativas aos seus membros sobre as medidas de seguridade adquiridas, medidas económicas e laborais, axudas, elaboración de novas e infografías, contacto e solicitudes á Xunta de Galicia, reunións da Xunta de Goberno, etc.

Comunicación e accións para os colexiados

26 de febreiro de 2020. Dende a Xunta de Goberno do COPOGA envíase aos seus membros un correo electrónico con recomendacións e precaucións ofrecidas en forma de infografía por parte do Ministerio de Sanidade ante a crise sanitaria e un documento con recomendacións baixo a firma do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* e o propio colexio profesional galego.

5 de marzo de 2020. A Xunta de Goberno volve a poñerse en contacto cos colexiados para informar sobre o procedemento de actuación en caso de infección. Isto fano a través dun vídeo formativo ofrecido dende a Consellería de Sanidade.

12 de marzo de 2020.

- Dá resposta ás consultas sobre a necesidade de peche dos centros dos seus colexiados, tras poñerse en contacto coa Consellería de Sanidade, a cal non fixera a recomendación do feche das consultas.
- Achéganse as recomendacións de actuación ante o COVID-19 do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* a través dunha infografía feita por dita entidade.

13 de marzo de 2020.

- Infórmase sobre o decreto de estado de alarma por parte do Goberno de España e a convocatoria do Consello Extraordinario por parte da Xunta de Galicia para a adopción das medidas pertinentes.
- Envíase un informe realizado pola asesoría fiscal-laboral-contable do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia en canto ás medidas fiscais laborais que deben afrontar empresas e autónomos en relación á crise do COVID-19.
- Remítense as recomendacións do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* realizadas en colaboración coas autoridades sanitarias para a actividade en centros podolóxicos.

14 de marzo de 2020. Aténdese ás dúbidas formuladas por parte dos colexiados sobre a necesidade do feche das clínicas, aínda non obrigatorio, e apelan á responsabilidade dos mesmos ante a situación.

15 de marzo de 2020.

- Achégase un comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* en relación á comparecencia do Ministro de Sanidade, Salvador Illa, sobre a obrigatoriedade de poñer en coñecemento das autoridades sanitarias o material sanitario dispoñible nas clínicas.
- Ante as dúbidas sobre o ibuprofeno como agrave das infeccións por COVID-19, o COPOGA remite un informe da Axencia Española de medicamentos e produtos sanitarios que o desminte.
- Sinálanse dúas fontes sobre as que informarse sobre a problemática: a páxina de información sobre o coronavirus da Xunta de Galicia, así como a aplicación móbil coronavirus.epidemixs.org.
- Remítese o comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* sobre as medidas que entran en vigor co estado de alarma e apelan á responsabilidade e disciplina dos colexiados.

16 de marzo de 2020.

- Solicítase aos colexiados poñer visible o número de contacto para os casos urxentes.
- Envíase unha infografía co protocolo de actuación en clínicas ante o COVID-19 para a colocación en ditas estancias e a difusión en redes sociais.
- Adxúntase o comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* no que se indica que o colectivo dos podólogos está excluído da Orde SND/233/2020, do 15 de marzo.

17 de marzo de 2020. Achégase certificado de mobilidade que os colexiados poden expedir para persoal e colaboradores.

18 de marzo de 2020.

- Achégase o comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* no que se pide a prudencia do colectivo ante as declaracións nos medios de comunicación.
- Achégase o comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* enviado ao Ministerio de Sanidade, que solicita o feche das consultas de podoloxía.

19 de marzo de 2020.

- Tómanse as seguintes medidas colexiais: aprazamento da Asemblea Xeral Ordinaria do 28 de marzo, suspensión de actividades formativas e atención presencial na sede (teletraballo), redúcese a cota do segundo trimestre e flexibilízase o seu pagamento, ademais do consecuente cambio nas actividades.
- Nova planificación da difusión do spot corporativo do COPOGA na TVG con motivo das eleccións autonómicas. A campaña publicitaria reubícase dende este día até finais de abril en programas de máxima audiencia.

20 de marzo de 2020.

- Infórmase sobre a aprobación das medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 e pídesse calma ante a toma de decisións dos colexiados.
- Infórmase sobre o escrito en relación ao feche oficial de clínicas (excepto urxencias) enviado ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade por parte do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* e o COPOGA, respectivamente.

21 de marzo de 2020. Achégase un modelo de xustificante de desprazamento en caso de urxencia para os doentes dos colexiados.

22 de marzo de 2020. Infórmase sobre a publicación no DOGA sobre a suspensión temporal dos centros de podoloxía (excepto urxencias e/ou inaprazables) como medida cautelar e apélase á calma na toma de decisións.

23 de marzo de 2020. Difúndese entre os colexiados unha enquisa sobre a relevancia do servizo de podoloxía durante o estado de alarma que se está a realizar en todos os Colexios Autonómicos e cuxos datos se enviarán ao *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* para ser usados na reivindicación do feche das consultas podolóxicas.

25 de marzo de 2020. O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia envía unha solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria coa finalidade de que emita directrices ás autoridades laborais de Galicia para que faciliten os ERTE que presenten os colexiados.

26 de marzo de 2020. Achégase un informe sobre a prestación por cese de actividade dos autónomos de acordo co RD-lei 8/2020. De 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

31 de marzo de 2020.

- Achégase o comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* no que se indica que os centros de podoloxía son considerados, até o momento, servizos esenciais polo que poden seguir atendendo urxencias e tratamentos inaprazables.
- Difúndese a guía práctica de preguntas e respostas sobre a nova prestación extraordinaria para autónomos elaborada polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

1 de abril de 2020. O COPOGA achega aos seus colexiados o modelo de declaración (enviado dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* e publicado no BOE) a empregar no caso de ser solicitado polas forzas de seguridade durante os desprazamentos para realizar atencións de urxencia ou tratamentos inaprazables.

2 de abril de 2020. Actualízase a información sobre os centros, servizos e establecementos sanitarios, trala Orde SND/310/2020, do 31 de marzo, nos cales se inclúen os centros de podoloxía, que só atenden casos de urxencia e tratamentos inaprazables.

3 de abril de 2020. Ponse en funcionamento o sistema de validación de receita en papel o que permite que as farmacias galegas validen cun lector as receitas emitidas no modelo oficial que proporciona o Colexio e polo que o doente ten a posibilidade de recibila vía telemática. Así mesmo, infórmase sobre a habilitación dun software dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* para a implantación do Sistema de Receita Electrónica Privada.

7 de abril de 2020. Infórmase sobre a resposta do Ministerio de Sanidade ao comunicado do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*, así como unha resposta ao escrito conxunto dos Consejos Generales de Fisioterapeutas, Podólogos, Ópticos Optometristas, Logopedas e Terapeutas Ocupacionais, que sinala que deben suspender a apertura ao público excepto para a atención de casos que puideran ter unha evolución desfavorable de demorar o tratamento.

8 de abril de 2020.

- Dende o COPOGA infórmase aos colexiados sobre as axudas autonómicas relacionadas coa crise causada polo COVID-19, en especial, aquela chamada “Inxección inmediata de liquidez”.
- Envíase unha ligazón a un vídeo explicativo do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* sobre axudas estatais ás que se poden acoller os podólogos, así como á páxina web do ICO para máis información.

11 de abril de 2020. Infórmase sobre a prórroga do estado de alarma e o mantemento de medidas que afectan aos centros de podoloxía, é dicir, sinálase que non debe existir unha axenda aberta de forma habitual e só se deben atender os tratamentos urxentes e/ou inaprazables.

15 de abril de 2020. Achégase a carta enviada polo *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* ao Ministerio de Sanidade sobre a solicitude de abastecemento de EPIs nas clínicas de podoloxía e de información das medidas de seguridade. Ademais, sinálase que o COPOGA, xunto con varios Colexios Oficiais sanitarios galegos se puxo en contacto coa Consellería de Sanidade e a Consellería de Economía, Emprego e Industria para solicitar medidas que garantan a seguridade dos centros e profesionais unha vez retomada a actividade e medidas e axudas económicas, respectivamente.

16 de abril de 2020. Indícase que, no caso de ter algunha consulta relacionada con casos de erupcións no pé de nenos e adolescentes (debido á súa posible relación co COVID-19), os colexiados cubrirán unha folla de rexistro elaborada polo *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*, ademais de ofrecer unha folla de información e consentimento ao doente.

17 de abril de 2020. Adxúntase a carta enviada dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*, ao presidente da Asociación de Mutuas de Traballo, na que se pide o traslado ás mutuas da petición do colectivo de establecer un regulamento interno que facilite a prestación extraordinaria por cese de actividade. Ademais, indícase que as máscaras FFP2 do fabricante “Garry Galaxy” contidas en envase verde serán retiradas ante unha incidencia de dito lote.

18 de abril de 2020. O COPOGA informe aos colexiados sobre a solicitude de adquisición de máscaras cirúrxicas sen custo á Xunta de Galicia, ademais dunha reunión por videoconferencia con Conselleiro de Sanidade para estudar iniciativas que permitan aos colexiados adquirir todo material de protección individual preciso.

23 de abril de 2020. Achégase as respostas das aseguradores Caser e Aegón ao escritor do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*.

25 de abril de 2020. O COPOGA solicita un informe á súa asesoría fiscal/laboral tras as dúbidas formuladas por parte dos colexiados sobre as moratorias/aprazamentos das cotizacións á seguridade social.

27 de abril de 2020. Habilítase un apartado denominado COVID-19 na parte privada da web do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia para consultar todos os comunicados e informacións relacionados.

28 de abril de 2020.

- O Colexio ponse en contacto coa Sociedade Española de Sanidad Ambiental e co Ministerio de Sanidade para coñecer a efectividade do ozono como desinfectante e os virucidas recomendados para a desinfección de superficies, respectivamente.
- Adxúntanse dous informes enviados dende a asesoría xurídica do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* sobre os ERTES e arrendamentos dos locais a consecuencia do estado de alarma.

29 de abril de 2020.

- Dáse a coñecer o procedemento e recomendacións indicadas dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* para a reapertura asistencial nas clínicas de podoloxía.
- Achéganse tres informes derivados das novidades do COVID-19 (sobre o IVE das máscaras, traslado do 51 Congreso Nacional de Podoloxía e a imposibilidade de solicitude de moratoria - aínda que si aprazamento-) e móstrase a vontade do COPOGA de manter informados aos colexiados sobre as novidades do plan de desescalada.

30 de abril de 2020. O COPOGA achega un informe sobre o marcado das máscaras ffp2, comparativa de especificacións técnicas aplicables a ditas máscaras e verificación de certificados/informes que acompañan os EPIS, para que os colexiados teñan en consideración á hora de adquirir dito material.

3 de maio de 2020. Trala publicación da Orde SND/388/2020 infórmase sobre a posibilidade de abrir as clínicas a partir do día 4 de maio baixo cita previa e os criterios de aplicación das medidas de suspensión e redución de xornada dos traballadores en ERTE durante as fases de desescalada.

13 de maio de 2020. O Colexio solicita de maneira oficial a realización de test Covid aos colexiados, porén a resposta da Consellería de Sanidade é a imposibilidade de realización por non estar estipulado por parte do Ministerio. Por outra banda, o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* fai a mesma solicitude, polo momento, sen resposta, ao Ministerio de Sanidade.

15 de maio de 2020. Achégase un resumo, do Real Decreto-lei 18/2020, de 12 de maio, de medidas sociais na defensa do emprego, elaborado pola asesoría fiscal/laboral do Colexio.

18 de maio de 2020.

- A Consellería de Sanidade concede máscaras cirúrxicas, pantallas faciais e batas desbotables trala petición do Colexio. O material concedido dividirase entre as solicitudes recibidas (a través dun formulario): cada colexiado recibirá 1 pantalla facial, 10 batas e arredor de 150- 200 máscaras cirúrxicas. Ademais, achégase unha listaxe de antisépticos para pel san autorizados pola AEMPS para resolver dúbidas á hora de mercar xeles hidroalcohólicos.
- Comunícase o dossier informativo realizado pola empresa de Protección de Datos AuTrán Consultores sobre as repercusións que poden ter, sobre o cumprimento da normativa de protección de datos, as medidas de seguridade a adoptar polas clínicas debido ao COVID-19.

19 de maio de 2020. Infórmase da creación, por parte do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*, dunha plataforma de Estudos Clínicos Podolóxicos e na posta en marcha dunha recollida de datos de posibles alteracións dermatolóxicas nos pés que poidan estar relacionadas co COVID-19, así como do tutorial de recollida de datos.

20 de maio de 2020. O Colexio confirma por parte de A.M.A. Seguros a cobertura dos colexiados ante reclamacións que puidesen xurdir por posibles contaxios.

22 de maio de 2020. O Colexio lembra o prazo de solicitude de EPIs para os seus colexiados e informa sobre o desabastecemento de luvas.

29 de maio de 2020. Achégase a Carta do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* enviada ao presidente da Comisión para a Reconstrución Social e Económica co fin de solicitar a comparecencia ante dita comisión e abordar temas como as perdas económicas que sufriu o colectivo durante a crise sanitaria.

2 de xuño de 2020. Infórmase sobre a revocación do peche dos establecementos de podoloxía, así como a necesidade de manter viventes as recomendacións sinaladas dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* para manter a seguridade.

3 de xuño de 2020. Adxúntase o informe realizado pola Comisión Xurídica do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* sobre a prescrición de probas diagnósticas PCR e/ou anticorpos de COVID-19 nas clínicas de podoloxía.

15 de xuño de 2020. Galicia avanza a fase de nova normalidade e dende o Colexio envíanse as novas recomendacións, enviadas dende o *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*.

Reunións da Xunta de Goberno do COPOGA e do Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos

Durante o decreto do estado de alarma por COVID-19, dende o COPOGA realizáronse as seguintes reunións:

- 11 de marzo de 2020. Reunión presencial da Xunta de Goberno na sede.
- 15 de marzo de 2020. Reunión por videoconferencia da Xunta de Goberno do COPOGA.
- 18 de marzo de 2020. Reunión telemática da Xunta de Goberno do COPOGA e da Asamblea General del Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos.
- 31 de marzo de 2020. Reunión por videoconferencia da Xunta de Goberno do COPOGA.
- 15 de abril de 2020. Reunión telemática da Xunta de Goberno do COPOGA.
- 18 de abril de 2020. Reunión telemática da Xunta de Goberno do COPOGA.
- 27 de abril de 2020. Os presidentes autonómicos reúnen na Asemblea do *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos* para falar do plan de desescalada e o protocolo de asistencia para a volta ao traballo nas clínicas de podoloxía.
- 9 de maio de 2020. Reunión por videoconferencia da Xunta de Goberno do COPOGA.
- 26 de maio de 2020. Reunión telemática da Xunta de Goberno do COPOGA para tratar temas de interese mentres se mantén o estado de alarma.
- 10 de xuño de 2020. Reunión por videoconferencia da Xunta de Goberno do COPOGA.

Comunicados e peticións do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia á Xunta de Galicia

20 de marzo de 2020. O COPOGA solicita á Consellería de Sanidade a declaración oficial do feche dos centros sanitarios de podoloxía de Galicia, restrinxindo a actividade a urxencias ou tratamentos imprescindibles, para evitar contaxios e non contribuír a incrementar a falta de subministro de material sanitario.

24 de marzo de 2020. Solicítase ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, a emisión dunha directriz ás autoridades laborais de Galicia competentes para avaliar os ERTES que están a presentar os colexiados co COPOGA, e que admitan como causa de forza maior os referidos expedientes, tal como regula o Artigo 22 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, por ser suspendida a súa actividade por acordo do Centro de Coordinación Operativa e tratarse de centros de atención directa ao público con desabastecemento de subministro de EPIs que impiden o desenvolvemento da actividade con seguridade.

11 de abril de 2020. Tras o aumento de consultas telemáticas, o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia informa á Consellería de Sanidade sobre o inicio dun protocolo de actuación, elaborado polo *Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos*, ante casos de erupcións nos pés de nenos e adolescentes presuntamente relacionados co COVID-19.

12 de abril de 2020.

- Realízase un comunicado conxunto á Consellería de Economía, Emprego e Industria dos colexios oficiais de Galicia de fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, ópticos-optometristas e podólogos. Neste solicítase que os colectivos aos que se representa sexan beneficiarios das axudas recollidas no artigo 17 do Real Decreto Lei 8/2020, por cesamento de actividade, se cumpren co resto dos requirimentos, polo que se pide que se estableza unha directriz interna que permita aos profesionais acceder a ditas axudas. Nesta liña, tamén se pide medidas e/ou axudas económicas que permitan reactivar o sector sanitario e aliviar a situación económica á que se están a enfrontar os colexiados.
- Á súa vez, tamén se envía un escrito conxunto á Consellería de Sanidade no que se solicita unha videoconferencia co conselleiro Vázquez Almuíña co fin de tratar a maneira de ter acceso a material de protección para os colexiados e a elaboración de protocolos de actuacións nos centros para garantir a seguridade dos doentes e profesionais.

23 de abril de 2020. Envíase un comunicado ao conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, para solicitar o acceso voluntario dos colexiados a test diagnósticos do COVID-19 para garantir a seguridade na atención de tratamentos inaprazables e de urxencia, así como durante a progresiva volta ao traballo.

Reunións coa Consellería de Sanidade

7 de maio de 2020. Varios representantes de Colexios Profesionais Sanitarios reunímonos telemáticamente o día 7 de maio ás 10.00 horas coa Consellería de Sanidade; nesta reunión participan o Secretario Xeral Técnico da Consellería e a Subdirectora Xeral de Atención Primaria da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

5 de xuño de 2020. O día 5 de xuño de 2020 todos os Colexios Oficiais Sanitarios Galegos reunímonos por videoconferencia co Conselleiro de Sanidade para aportar as nosas opinións sobre a Campaña “Con Sentidiño”.

Solicitud de material de protección

19 de abril de 2020. Tras consultalo co conxunto de colexiados e seguindo as instrucións do SERGAS, o COPOGA traslada a solicitude de material de protección, concedéndonos a Consellería un total de 39.900 máscaras cirúrxicas que foron distribuídas entre os nosos colexiados.

8 de maio de 2020. Con motivo do comezo do funcionamento das clínicas mediante, faise un pedido de material para garantir a seguridade e protección de doentes e profesionais. Concedéronnos 75.000 máscaras cirúrxicas, 500 pantallas, 5.000 batas desbotables para distribuír entre os nosos colexiados.

Campaña “Con Sentidiño”

5 de xuño de 2020. O COPOGA asina a adhesión á campaña “Con Sentidiño”, creada pola Consellería de Sanidade, co fin de divulgar e concienciar á poboación sobre medidas de prevención e normas básicas en relación ao COVID-19.

O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia nos medios de comunicación

PUBLICACIÓN EN PRENSA

18 de marzo de 2020. **¿Y si tenía cita para el dentista?, *La Opinión de A Coruña***. Indícase que os colexiados do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, xunto a ópticos e odontólogos, só atenderán as urxencias durante o estado de alarma.

19 de marzo de 2020. **Los podólogos piden al Gobierno cerrar las clínicas podológicas, excepto para casos de urgencias. *Galicia Press***. Fálase sobre a solicitude ás autoridades competentes do Consejo General de Colegios Oficial de Podología de considerar a podoloxía como unha actividade suspendida para, deste xeito, solicitar os ERTES e solicitudes de axudas a autónomos.

21 de marzo de 2020. **Colectivos piden para o traballo polo coronavirus, *Nós Diario***. Recóllense as declaracións do Consejo General de Colegios Oficiales de Podología nas que solicita que o sector se considere unha actividade suspendida a todos os efectos, salvo urxencias.

22 de marzo de 2020. Infórmase sobre o feche das clínicas tras atender a petición dos colexios oficiais por parte da Xunta de Galicia.

- **Podólogos, logopedas y las ITV cierra, y dos sanitarios podrán compartir coche, *La Voz de Galicia***.
- **Cierre de logopedas, podólogos e ITV, *El Correo Gallego***.
- **Podólogos, cerrados, *El Progreso***.
- **Podólogos, cerrados, *Diario de Pontevedra***.

24 de marzo de 2020.

- **Negocios que siguen al pie de cañón en el estado de alarma, *La Voz de Galicia***. Inclúese a decisión do Centro de Coordinación Operativa de Galicia de suspender a actividade das clínicas de podoloxía, xunto cos logopedas, tras a petición dos respectivos colexios profesionais.
- **El Colegio de Podólogos de Galicia recomienda estar poco tiempo sentado, *Galicia 24 horas***. Recomendacións ofrecidas dende o Colexio de Podólogos de Galicia xunto cunha infografía.

- **Los podólogos gallegos aconsejan “no estar mucho tiempo sentado” para “evitar problemas circulatorios”, *Galicia Press*.**

25 de marzo de 2020. Recomendacións ofrecidas dende o Colexio de Podólogos de Galicia xunto cunha infografía.

- **Consejos de podólogos para la cuarentena, *ABC*.**
- **Los podólogos gallegos recomiendan evitar el sedentarismo por los problemas circulatorios, *Faro de Vigo*.**
- **Aconsejan los podólogos evitar el sedentarismo, *El Correo Gallego*.**

27 de marzo de 2020. Los podólogos aconsejan “no estar mucho tiempo sentado”, *Diario de Pontevedra*. Recomendacións ofrecidas dende o Colexio de Podólogos de Galicia xunto cunha infografía.

31 de marzo de 2020. “Esta situación es insostenible, solo de atender urgencias no vivimos”, *La Voz de Galicia*. Reportaxe na que se inclúen perspectivas das ramas sanitarias que non se tiveron en conta, até o momento, polo estado de alarma (podólogos, terapeutas ocupacionais, ópticos e dentistas), incluíndo as declaracións de Juan Dios, presidente do COPOGA, sobre os efectos económicos e de seguridade do COVID-19 no ámbito da podoloxía.

1 de abril de 2020. Los podólogos alertan contra la tentación de estar mucho sentado, *El Progreso*. Recomendacións ofrecidas dende o Colexio de Podólogos de Galicia xunto cunha infografía.

7 de abril de 2020. El deber de proteger a los más vulnerables, *El Progreso*. Reportaxe baixo a sección “Así nos afecta el virus”, cuxa entrega se centra na podoloxía e na que inclúe as testemuñas de tres especialistas e colexiadas, Gemma Fernández Pillado, Noemí Piñeiro e Cristina Fernández Espiño. Tamén se inclúe información sobre o estado económico e de seguridade deste ámbito sanitario, así como recomendacións para a poboación en xeral para o coidado dos pés durante o estado de alarma.

10 de abril de 2020. “Las revisiones deben empezar a partir de los 4 o 5 años”, *El Progreso*. Entrevista a Cristina Fernández na sección do xornal *Emergentes*.

19 de abril de 2020. Eva é retida por Fidel esta noite en “O sabor das margaridas”, na TVG, *El Correo Gallego*. Exponse a programación da TVG na que se inclúe a participación do presidente do COPOGA en *A revista fin de semana* para falar das lesións e eritemas en pés que poden sufrir as persoas infectadas por COVID-19.

30 de abril de 2020.

- **Los podólogos gallegos aconsejan tomar precauciones al volver a correr para evitar el contagio y lesiones, *Galicia Press*.** Recóllense recomendacións ofrecidas dende o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia.
- **Facultativos apostan por manter o distanciamento social “máis aló de finais de xuño”, *Galicia Confidencial*.** A noticia recolle as recomendacións dos podólogos sobre a necesidade de tomar precaución á hora de volver a correr.
- **Consejos para correr tras el confinamiento, *COPE A Coruña*.**
- **Si planeas salir a correr este finde, lee antes los consejos de los expertos, *Fashion Hola*.** O artigo inclúe as precaucións e recomendacións ofrecidas polo COPOGA en relación ao coidado dos pés.

1 de maio de 2020.

- **Sin mascarilla y con sentido común, *La Voz de Galicia*.** Reportaxe de consellos de cara a volta ao deporte, nas que se inclúen as recomendacións podolóxicas ofrecidas por Rocío Dono.
- **La incertidumbre frena al sector productivo, *La Voz de Galicia*.** Faise unha revisión de diferentes sectores da economía afectados pola crise do COVID-19, na que se inclúe unha valoración do presidente do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia da situación das clínicas de podoloxía.
- **Decrétase o loito oficial en redes sociais**

5 de maio de 2020. **Si no te gusta correr, aprovecha el paseo diario para perder peso y eliminar celulitis, *Fashion Hola*.** A publicación inclúe as recomendacións de calzado ofrecidas polo COPOGA.

8 de maio de 2020. **Os podólogos galegos garanten a seguridade dos seus pacientes, *Eco Revista do Eixo Atlántico*.** Revisión da situación do ámbito da podoloxía en Galicia durante a crise do coronavirus e durante a progresiva volta á normalidade.

23 de maio de 2020. **Teletrabajo con dolores, *La Opinión*.** Inclúe consellos e recomendacións tanto de fisioterapeutas como podólogos e advirten do aumento das doenzas por traballar dende a casa e a consecuente redución da actividade física debido ao confinamento.

25 de maio de 2020. **¿Vuelves a entrenar? Cuidado con estos 5 errores que anulan tu plan fitness, *Fashion Hola*.** Unha vez máis, o COPOGA ofrece os seus consellos para un uso adecuado de calzado.

6 de xuño de 2020. Reportaxe, coas declaracións de Manuel Romero, podólogo do Deportivo de A Coruña, sobre a importancia de ditos especialistas para a atención e prevención das lesións nos deportes, nomeadamente do fútbol e, en especial, na volta ao céspede tras semanas de confinamento.

8 de xuño de 2020. Inclúen as declaracións do podólogo do equipo, Manuel Romero, que fala sobre as lesións máis habituais que afectan aos pés e se ven agravadas tras o parón provocado polo coronavirus.

- **Podólogos de fútbol alertan del riesgo de lesiones ante el parón por el coronavirus, *Infosalus*.**
- **Los podólogos alertan del riesgo de lesiones ante el parón por el coronavirus, *Sport*.**

9 de xuño de 2020. Inclúen as declaracións do podólogo do equipo, Manuel Romero, que fala sobre as lesións máis habituais que afectan aos pés e se ven agravadas tras o parón provocado polo coronavirus.

- **El Deportivo, el único de Segunda con cuatro partidos en diez días, *La Voz de Galicia*. Evitar lesiones en los futbolistas, principal tarea de los podólogos de los clubs tras la vuelta a la Liga, *Nostresport*.**

10 de xuño de 2020. Inclúen as declaracións do podólogo do equipo, Manuel Romero, que fala sobre as lesións máis habituais que afectan aos pés e se ven agravadas tras o parón provocado polo coronavirus.

- **Podólogos del fútbol alertan del riesgo de lesiones ante el parón de la liga por el coronavirus, *El Deporte Conquense*.**

NOTAS DE PRENSA

24 de marzo de 2020. Nota de prensa do COPOGA (*Vía Láctea Comunicación*): **El Colexio de Podólogos de Galicia recomienda no estar mucho tiempo sentado para evitar problemas circulatorios durante el confinamiento.**

29 de abril de 2020. Nota de prensa do COPOGA (*Vía Láctea Comunicación*): **El Colexio Oficial de Podólogos de Galicia aconseja tomar todas las precauciones al volver a correr para evitar el contagio y las lesiones.**

8 de maio de 2020. Nota de prensa do COPOGA (*Vía Láctea Comunicación*): **Los podólogos gallegos siguen pautas de actuación preventivas para garantizar la seguridad de pacientes y mantener protegido a todo el personal de sus clínicas.**

9 de xuño de 2020. Nota de prensa do COPOGA (*Vía Láctea Comunicación*): **Los podólogos alertan del riesgo de lesiones ante el parón de la liga por el coronavirus.**

ENTREVISTAS

25 de marzo de 2020. Entrevista telefónica en directo con Juan Dios en Radio Voz Galicia e Radio Galega, nos espazos *Voces de Galicia* e *A Tarde*, respectivamente.

30 de marzo de 2020. Entrevista telefónica con Juan Dios para *Más de uno Lugo* de Onda Cero Lugo.

5 de abril de 2020. Entrevista telemática con Juan Dios para *A Revista Fin de Semana* da TVG.

19 de abril de 2020. Entrevista telemática con Juan Dios para *A Revista Fin de Semana* da TVG.

28 de abril de 2020. Entrevista gravada por teléfono a Gonzalo Barros para *Mediodía* de COPE Coruña.

29 de abril de 2020. Entrevista na Televisión de Galicia con Daniel López no *Telexornal Serán* da TVG.

30 de abril de 2020. Entrevista na COPE Coruña, no programa *Mediodía Coruña*, con Juan Dios.

4 de maio de 2020. Entrevista telefónica en Radio Pontevedra, en *Hoy por hoy*, con Martín Veiga.

6 de maio de 2020. Entrevista telefónica a Juan Dios en Radio Voz Galicia, no espazo *Voces de Galicia*.

12 de xuño de 2020. Entrevista telefónica con Manuel Romero no espazo *A Tarde* da Radio Galega.

18 de xuño de 2020. Entrevista en directo no plató de *Quen anda aí?* da TVG con Juan Dios.